



Convocatoria de candidaturas para a organización de probas do calendario oficial de Carreiras por Montaña FGM 2022

Novembro de 2021

Presentación

Un ano mais Circuito TERRA de CxM no que se inclúen a Copa e os Campionatos Galegos de Carreiras por Montaña continua coa súa progresión no número de carreiras que o componen e a calidade das mesmas. O Area de Carreiras por Montaña da FGM agradece o esforzo que ano tras ano realizan os organizadores destes eventos para mellorar as súas pobras. A experiencia no ano 2021 foi moi positiva a pesare da pandemia que se cebraron menos probas. Co desexo que remate dita circunstancia e volta normalidade

Os organizadores de probas que aspiren a formar parte do calendario autonómico e que as súas probas sexan seleccionadas para do Circuito TERRA de CxM no que se inclúen a Copa e os Campionatos Galegos de Carreiras por Montaña, para que figuren dentro do calendario oficial 2022, teñen no documento adxunto o medio para realizar a solicitude de inclusión nalgunha das categorías dentro do calendario

Desta maneira, a composición do calendario de competicións de Carreiras por Montaña FGM será a seguinte:

- Probas do Circuito TERRA de CxM (Open)
- Probas de Copa e Campionatos Galegos(FGM)
- Homologación de probas (FGM)



O prazo de presentación das solicitudes e o dossier técnico na FGM finaliza o 09 de Decembro de 2021 e-mail cigaxmterra@gmail.com

1. Circuito TERRA de CxM

¿Qué é o Circuito TERRA de CxM?

O Circuito TERRA de CxM é un circuito OPEN de probas de carreiras por montaña pertencente á Federación Galega de Montañismo (FGM), composto de probas que se disputan por toda a comunidade autónoma e que engloba todas as carreiras de Copa e Campionatos Galegos, as carreiras que se desenvolven dentro das diferentes organizacións inscritas no circuito con carácter Open, e todas aquelas probas en fase de homologación.

As probas deberán desenvolverse segundo as seguintes condicións:

1/ Todas as solicitudes enviadas para elaborar o calendario de carreiras FGM 2022 deben cumprir cos requisitos especificados punto 1 do presente documento.

2/ De entre todas elas, a FGM seleccionará as probas que estime oportunas para elaborar o calendario Circuito TERRA de CxM, que configurarán o calendario 2022 nas diferentes categorías.

3/ En todas as competicións, os organizadores faranse cargo dos custos derivados do aloxamento (1 ou 2 noites) e manutención de 2 ou 3 árbitros oficiais designados pola FGM.

4/ Os organizadores elixidos asinarán un contrato coa FGM, onde quedarán reflectidos os dereitos e as obrigacións, os aspectos publicitarios, a imaxe, os protocolos de entrega de premios, etc.

5/ Todas as competicións serán puntuables para o Circuito TERRA de CxM da FGM.

1. Caracterización das carreiras.

Todas as competicións que formen parte do Circuito desenvolveranse en terreo de montaña. Recoméndase evitar pasaxes moi técnicas (exemplo: escalada de arestas rochosas, rappel, etc.) co fin de evitar embotellamentos, riscos innecesarios e retardar a competición. As zonas de rubida mais técnicas, no seu caso, non poderán exceder do II grao de dificultade e 40º de pendente.

As probas de carreiras por montaña teñen un marcado sentido de ascender e descender rápido e lixeiro un cume desde un val, unha filosofía que se mantén inalterable desde a súa creación como deporte regrado en Galicia a comezos do 2007, polo que o terreo será salvaxe e difícil por definición, utilizando pistas forestais, carreiros, chairas e pastos ao comezo, pero tamén pedregales, neveiros, canles e cristas camiño do cume.

Desniveles e distancias

Carreira por montaña en liña:

Distancia mínima Medio Maratón (21 km).

Para carreiras de ata 34 km - Desnivel mínimo acumulado en subida 1.000 metros. Para carreiras de máis de 34 km - Desnivel mínimo acumulado en subida 1.500 metros.

O percorrido das competicións será sempre por pistas e camiños non asfaltados, carreiros, barrancos, etc. A pesar de todo, considerarase válido un máximo do 15% do total do percorrido sobre asfalto, cemento, ou calquera tipo de pavimento. En todos os casos, o percorrido da carreira non superará o 50% de pista transitable para vehículos.

2. Contraprestacions

Entrar no Circuito TERRA de CxM significa entrar no calendario da Federación Galega de Montañismo e, por conseguinte, entrar no grupo das mellores carreiras por montaña do panorama galego actual.

- Accións de promoción de ámbito autonómico
- Pertencer ao Ranking Circuito TERRA de CxM
- Equipo arbitral
- Xestión dos resultados.
- Estar presente na páxina web propia da FGM
- Estar presente nas redes sociais (FGM).
- Premios finais do Circuito TERRA de CxM
- Optar a organización dunha proba da Copa ou Campionato Galego

Condicións Económicas para o Circuito TERRA de CxM

Por participación no circuito 300,00€

Homologación por 3 anos 300,00€

Este importe destinarase íntegramente a sufragar parte dos custos de xestión, arbitraje, desplazamentos, trofeos, Web e redes sociais, e publicidade do Circuito.

2. COPA E CAMPIONATOS GALEGOS DE CARREIRAS POR MONTAÑA

Desde hai unhas tempadas o número de participantes nas carreiras por montaña foi en aumento ano tras ano, tamén a cantidade de competicións que se organizan anualmente en Galicia, así como o número de peticións que os organizadores enviaron á FGM para formar parte do calendario oficial, o que demostra o auxe desta especialidade deportiva, e o valor engadido que representa para os organizadores o formar parte do calendario oficial FGM.

Por outra banda, as organizacións de carreiras por montaña elevaron de forma evidente o seu nivel e calidade de organización, o valor dos premios outorgados, os servizos adicionais aos corredores, a forma de promocionar as súas carreiras, etc.

Está claro que os corredores son cada vez máis esixentes, de modo que os organizadores ven na obrigaón de colmar as súas necesidades. Tamén a FGM esixe máis aos organizadores, á vez que lles ofrece maior promoción, e garante a participación da elite galega, etc. (a condición de que sexa posible en consonancia co calendario oficial da FEDME)

Sen ningunha dúbida, a Copa e Campionato de Carreiras por Montaña FGM son, a día de hoxe, un referente deportivo en Galicia.

Caracterización das carreiras en liña

Distancia mínima Medio Maratón (21 km).

Para carreiras de ata 34 km - Desnivel mínimo acumulado en subida 1.000 metros. Para carreiras de máis de 34 km - Desnivel mínimo acumulado en subida 1.500 metros.

Para a categoría cadete distancia ata 9 km e 400 metros de desnivel máximo acumulado en subida ($\pm 20\%$)

Para a categoría xuvenil distancia ata 12 km e 700 metros de desnivel máximo acumulado en subida ($\pm 20\%$)

Para a categoría júnior: distancia ata 16 km e 900 metros de desnivel máximo acumulado en subida ($\pm 20\%$)

Para carreiras Ultra consultar o Regulamento de carreiras por montaña FGM.

O percorrido das competicións será sempre por pistas e camiños non asfaltados, carreiros, barrancos, etc. A pesar de todo, considerarase válido un máximo do 15% do total do percorrido sobre asfalto, cemento, ou calquera tipo de pavimento. En todos os casos, o percorrido da carreira non superará o 50% de pista transitable para vehículos.

Consideracións importantes

1. Como requisito indispensable, todas as solicitudes enviadas para elaborar o calendario de competicións de carreiras por montaña FGM 2022 deben ter realizada con anterioridade e en vixencia a homologación favorable por parte da FGM (participar nalgún dos 3 anos anteriores no Circuito TERRA de CxM ou nalgunha proba de Copa ou Campionato Galego)
2. De entre todas elas, a FGM seleccionará de catro a seis carreiras de Copa Galega, a disputarse

entre os meses de Febreiro a Outubro, e tres Campionatos de Galegos.

3. Os organizadores que envíen as súas propostas coñecen e aceptan na súa totalidade o Regulamento de Carreiras por Montaña da FGM, o cal prevalecerá por encima doutros se a mesma competición é puntuable para outros circuitos.
4. Os organizadores coñecen e aceptan a posible existencia de patrocinadores oficiais da Copa e Campionato Galego, estes NON poden ter competencia de marcas nas devanditas competicións. Os patrocinadores, se os houbese, serán comunicados no seu momento aos organizadores seleccionados.
5. Os organizadores de carreiras con número máximo de participantes establecido, respectarán o período de inscrición no cal terán preferencia absoluta os federados. Tamén deberá quedar garantida a participación na competición dos compoñentes do equipo oficial da Selección Autonómica.
6. Os organizadores das carreiras seleccionadas comprométese a asistir **o sábado 11 de Decembro** á reunión de organizadores que convoca a FGM. No transcurso da devandita reunión serán tratados todos os temas específicos da competición, patrocinadores, regulamento, protocolos de actuación, aclaración de dúbidas, etc.
7. Os organizadores respectarán en todo momento o protocolo oficial FGM (acto de presentación, entrega de premios, etc.), tamén deberán facer visible de forma correcta os emblemas e pancartas oficiais FGM, logotipos na publicidade, etc.
8. Os organizadores asinarán un contrato coa FGM onde quedarán reflectidos os dereitos e obrigacións, os aspectos publicitarios, protocolarios, normativos, de imaxe e visibilidade da FGM, etc. e outros puntos non reflectidos no Regulamento de Competición.
9. En todas as competicións, os organizadores faranse cargo dos custos derivados do aloxamento (1 ou 2 noites) e manutención dos árbitros oficiais designados pola FGM.
10. Nas competicións os Federados FGM/FEDME terán un prezo especial nas inscricións que como mínimo será inferior nun **20% do prezo** para os corredores NON Federados FGM.
11. O sistema de cronometraxe deberá estar adaptado as categorías especificadas no Regulamento de competición de CxM da FGM.

Contraprestacions

- Prestixio, notoriedade e oficialidade ao organizador.
- Presenza dos deportistas máis destacados do panorama autonómico.
- Equipo arbitral
- Xestión dos resultados.
- Medallas ás diferentes probas de Copa, e trofeos á clasificación final da Copa e Campionatos Galegos.
- Carteis/folletos publicitarios de Copa e Campionato Galego.
- Anuncios e notas de prensa nos medios, con información do circuito oficial.
- A área de comunicación da FGM manterá permanentemente actualizada toda a información específica da Copa e Campionato Galego en todas as súas canles e soportes comunicativos, redes sociais, etc.
- Optar a organización dunha proba da Copa ou Campionato de España

Condições económicas

Por organización dunha proba da Copa Galega 2022.....	300,00€
Por organización dun Campionato Galego 2022	400,00€
Por organización dun Campionato Galego Ultra 2022	600,00€

Este importe destinarase íntegramente a sufragar parte dos costes de xestión, arbitraje, desplazamentos, trofeos, Web / redes sociais, e publicidade do Circuito.

Criterios de selección

Dentro das posibilidades, para a elección das competicións que formarán este calendario, a FGM terá en conta prioritariamente os seguintes criterios:

- O bo historial organizativo das probas e organizadores
- Que a data proposta permita á FGM establecer un calendario distribuído correctamente no tempo
- A distribución xeográfica das probas

3. Probas homologadas FGM

A homologación é un traballo técnico de auditoría interna da proba en todo o seu conxunto, que pon en coñecemento do organizador os puntos fortes e os puntos débiles da organización, tendo como referencia as directrices do Regulamento oficial de competicións de Carreiras por Montaña FGM. Dita labor está realizada por un equipo arbitral titulado e debidamente formado para o devandito mester. As carreiras por montaña que obteñan dita homologación poderán destacar nos seus soportes publicitarios e comunicados que crean convenientes que se trata dunha “Carreira por montaña homologada pola FGM”. Esta distinción será válida para tres anos.

Esta homologación poderá ser obtida participando no Circuito TERRA de CxM ou solicitude de homologación á FGM.

As Carreiras por montaña e unha disciplina incluída dentro do conxunto de actividades que recollen os estatutos da Federación Galega de Montañismo. Ditos estatutos están aprobados pola Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia.